


Que é o PIB ?

Son as siglas de Produto Interior Bruto e defínese coma o resultado da actividade produtiva dun país ou dunha rexión ao longo dun período de tempo (un mes, un trimestre, un ano). A dita produción soe ser moi heteroxénea. O noso país, sen ir máis lonxe, produce un montón de cousas e do máis variopinto no curso dun ano: laranxas, coches, servizos de transporte, enerxía, etc. Como non é posible sumar mercancías tan dispares, o que se utiliza é o prezo ou valor monetario das mesmas para calcular o agregado. Logo o PIB será o resultado de sumar o valor de venda de todas as mercancías que produce un país ou rexión.

Como se calcula?

Existen tres vías para calcular o PIB, e todas parten do suposto de que a economía do país consiste nun fluxo circular: o que se produce, ten que ser igual ao que se consume e ao que se cobra.



O primeiro procedemento consiste en interrogar ás empresas sobre o volume de produtos vendido ao longo do ano e os prezos cobrados. Agora ben, parte dos bens e servizos producidos son utilizados como produtos intermedios ou materias primas noutros procesos de produción. Por exemplo, a fariña é a materia prima da que se obteñen o pan e os pasteis que compramos habitualmente nas panaderías. Se ao calcular o PIB sumamos o valor monetario da fariña e máis o prezo dos produtos vendidos na panadería, estaríamos incorrendo nun problema de dobre contabilización. Para evitar isto, o cálculo do PIB restrínxese aos **bens e servizos de consumo finais**, que son aqueles destinados en última instancia ao noso consumo, sen incluír os produtos intermedios utilizados como materias primas noutros procesos de produción.



No canto de interrogar ás empresas, tamén podemos preguntarlle aos cidadáns canto gastaron ao longo do ano no consumo de bens e servizos finais. Como unha parte da produción do país vai parar ao estranxeiro, debemos ter en conta o importe dos bens e servizos mercados polos países estranxeiros (as exportacións). Por outra banda, parte do noso gasto en consumo final dedicámolo á compra de mercancías importadas. Estas debemos excluílas do cálculo do PIB, pois de non facelo estaríamos asignando ao noso país mercadorías que non produciu. Ademais, parte dos bens producidos non se destina ao consumo final, senón que se trata de máquinas e ferramentas que empregan as industrias nos procesos de produción (os bens de inversión). No cálculo do PIB hai que ter en conta esta produción.



Para non ter que andar a clasificar os bens e servizos segundo o seu destino económico (se foron a parar ao mercado nacional ou ao estranxeiro, se se tratou de bens de consumo final ou intermedios, etc.), pódese optar por cuantificar canto diñeiro dispón a sociedade para gastar en bens e servizos ao longo do ano. Ou, analizado dende outra perspectiva, canto diñeiro

tiveron que pagar as empresas do país aos seus traballadores por prestar a súa forza de traballo na actividade produtiva. Neste senso, debemos considerar tamén o importe dos beneficios xerados pola empresa e dos dividendos repartidos aos propietarios, así como os impostos pagados pola industria ás administracións públicas no desenvolvemento da súa actividade, menos as subvencións concedidas a tal efecto.



3

Que diferenza hai entre o PIB nominal e o real?

A suba dos prezos exerce unha importante influencia no cálculo do PIB. Ao aumentaren os prezos, aumenta o PIB, xa que, como dixemos, este obtense sumando o valor monetario dos bens e servizos producidos. Pode chegar a darse o caso de que o incremento do PIB nun período non se deba a un incremento da capacidade produtiva, senón a unha suba xeneralizada do nivel de prezos (é dicir, á inflación). Ao PIB calculado sen ter en conta a suba dos prezos coñéceselle co nome de **PIB real**.

Para que se utiliza?

O PIB real utilízase como indicador do crecemento económico dun país ou rexión ou, mellor dito, a **taxa de variación interanual** do PIB real, que é o que varía a magnitude entre dous períodos de tempo.

Máis información ...

Podes atopar información máis detallada sobre o PIB e o seu cálculo na correspondente unidade didáctica do Portal Educativo:

<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Macromagnitudes/Teoria.htm>

